O CLIENTE comprométese expresamente a:

- Conservar o vehículo en bo estado e a non expoñelo a potenciais riscos.
- Respetar as normas do Código de Circulación de aplicación en cada territorio, segundo as especificacións de uso do tipo de vehículo en cuestión. En particular, as partes acordan expresamente que a realización de calquera conduta que supoña una infracción do Código de Circulación, infracción de leis ou a comisión dun delito contra a seguridade do tráfico será considerada como incumprimento esencial das obrigacións asumidas no presente contrato, o que poderá dar lugar á súa resolución e/ou a esixir as indemnizacións correspondentes polos danos e prexuízos ocasionados (ademais das oportunas penalizacións por incumprimento de contrato establecidas), incluídas as correspondentes aos gastos e costas ocasionados a CENTAURO como consecuencia das devanditas condutas.
- Para os arrendamentos nos que o vehículo se entregue na oficina de Palma de Mallorca ou circule pola localidade de Calviá e para dar debido cumprimento ao expresamente establecido nas Ordenanzas Municipais de Circulación, deberase exhibir no lugar habilitado para o efecto a documentación correspondente ao contrato de arrendamento suscrito que lle facilite CENTAURO. Isto será igualmente de aplicación a outros concellos que incorporen expresamente esta obrigación.
- Non realizar actividades con fins de subarrendamento do vehículo, nin transportar persoas ou mercancías que infrinxan a lei ou as disposicións legais vixentes ou cuxo número (peso, cantidade e/ou volume) supere os límites especificados polo fabricante do vehículo ou as leis.
- Non conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas, drogas, outras sustancias estupefacientes, nin coas facultades físicas menoscabadas pola fatiga, enfermidade ou calquera outra circunstancia que desaconselle a conducción.

- Non utilizar o vehículo para empuxar ou remolcar outros vehículos, remolques ou obxectos rodantes ou non.
- Non participar en competicións ou carreiras deportivas, oficiais ou non.
- Non facer uso ou realizar probas de resistencia de materiais, accesorios ou produtos de automóbiles non proporcionados e/ou autorizados por CENTAURO.
- Non transportar obxectos ou mercancías cuxo transporte estea prohibido ou suxeito a autorización administrativa, así como tampouco mercancías inflamables, perigosas, radioactivas, tóxicas e/ou nocivas.
- Non dar en garantía, peñar, vender, alugar, ceder, hipotecar, prestar ou incluso variar ou modificar calquera parte do vehículo —incluíndo os documentos, chaves, ferramentas e accesorios— ou o propio vehículo.
- Pechar correctamente o vehículo, estacionar nun lugar apto, adecuado e seguro cando non se está a utilizar, así como conservar e manter a documentación deste no seu interior.
- Inmobilizar inmediatamente o vehículo se existise o menor indicio externo ou explícito (indicadores) que fagan presumir a existencia dun fallo técnico. Nestes casos, o CLIENTE deberá contactar á maior brevidade posible coa oficina de CENTAURO máis próxima ou coa Compañía de Asistencia designada por CENTAURO, denegándose o aboamento dos cargos que puideran producirse pola utilización de empresas de asistencia distintas, salvo suposto de máxima urxencia.
- Non conducir co vehículo arrendado por zonas non transitables ou por estradas non pavimentadas que non sexan aptas para a circulación, en tanto que poidan ocasionar danos na parte inferior da carrocería e/ou outras clases de danos.
- Seguir as instrucións específicas e aboar as peaxes correspondentes nas estradas de pago.

### **3. DEVOLUCIÓN DO VEHÍCULO**

O vehículo devolverase no mesmo estado no que se entregou e cos mesmos documentos, accesorios e equipamento no lugar, a data e a hora pactados como finalización do período de arrendamento contratado. O CLIENTE asume expresamente as consecuencias



xurídicas derivadas das alteracións efectuadas no vehículo arrendado que non fosen expresamente autorizadas por CENTAURO. Devolver o vehículo fóra da data e a hora establecidas no contrato de alugamento autoriza a Centauro Rent a Car a cobrar calquera período adicional no que se utilice o vehículo máis unha penalización de 50 € por día.

En ningún caso se entenderá prorrogado tacitamente o contrato de arrendamento polo feito de que o CLIENTE non proceda á devolución do vehículo en cuestión chegada a data pactada da súa finalización, sendo precisa en calquera caso a autorización expresa e por escrito de CENTAURO para a devandita prórroga (realizando o CLIENTE unha nova reserva suxeita á dispoñibilidade e aboando o importe da tarifa correspondente). O CLIENTE será responsable de calquera dano ocasionado ao vehículo unha vez finalizado o prazo de vixencia do arrendamento e ata que proceda á súa devolución. En todo caso, CENTAURO poderá reclamar a indemnización que puidese corresponderlle polos danos e prexuízos ocasionados.

Ademais, CENTAURO poderá iniciar as accións xudiciais oportunas para esixir o cumprimento do expresamente pactado entre as partes, incluso instando a correspondente acción penal por posible delito de apropiación indebida pola que se inste ás forzas de seguridade do Estado a proceder á detención e inmovilización do vehículo.

#### **4. CARGOS POR ALUGAMENTO**

En virtude do presente contrato de arrendamento, o CLIENTE será obrigado a aboar:

- Cargos derivados polo alugamento do vehículo e impostos e cargos polo valor da reposición por perda de documentos, accesorios e/ou ferramentas.
- Nos casos nos que sexa necesaria porque a devolución do vehículo se produza presentando este un estado de sucidade non acorde a un uso normal do vehículo, un cargo adicional de limpeza por un importe máximo de 100 €, previa xustificación do importe do servizo prestado.
- Nos supostos nos que o CLIENTE modifique as condicións pactadas no contrato, ben porque solicite a entrega do vehículo unha vez finalizado o período de arrendamento nun lugar

distinto ao elixido inicialmente, ou ben porque permita a condución do vehículo por parte de unha persoa non incluída inicialmente como condutor adicional, estará obrigado a abonar as tarifas vixentes para cada un dos supostos contemplados.

- En caso de que, trala liquidación do contrato de arrendamento do vehículo, resulte unha cantidade a favor do CLIENTE, CENTAURO aboará de forma inmediata o importe resultante na mesma forma na que se produciu o pago da cantidade por parte do primeiro, non responsabilizándose do atraso que se puidera ocasionar como consecuencia das xestións a realizar por parte das entidades bancarias ou de crédito.
- Se o CLIENTE solicitase unha asistencia, **deberá correr cos gastos do camión guindastre, ou calquera outro gasto que esta asistencia ocasione**, salvo aqueles supostos nos que a asistencia se produza como consecuencia dun fallo técnico do vehículo e a través das empresas de asistencia designadas para o efecto por CENTAURO.
- Cargos por quilometraxe adicional, conforme aos prezos e supostos establecidos nas Condicións Comerciais.
- As peaxes, multas, gastos de estacionamento, sancións e gastos legais por infraccións cometidas na condución segundo a normativa que resulte de aplicación (incluíndo gastos por conxestión ou limitación do tránsito) nos que incorra o CLIENTE durante a vixencia do contrato, aínda que os mesmos foran aboados en primeiro termo por CENTAURO; así como calquera gasto legal relativo ao vehículo alugado durante o tempo de alugamento

## **5. POSIBLES CARGOS ADICIONAIS.**

En caso de que, por incumprimento das obrigacións asumidas polo CLIENTE no presente contrato, este teña que aboar algunha cantidade establecida e/ou derivada das condicións comerciais e/ou xerais do contrato, o CLIENTE autoriza expresamente a CENTAURO para realizar os correspondentes cargos á tarxeta de crédito facilitada para o efecto, previa información do concepto polo que se realiza e a xustificación do seu importe.

En particular, o CLIENTE obrígase expresamente a aceptar os cargos derivados dos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia do seu incumprimento das obrigacións reflectidas no presente contrato, con motivo dos seguintes conceptos:

- Indemnización por calquera dano/perda causada ao vehículo e cuxa cobertura non quedase xustificada e/ou contratada polo CLIENTE xunto cos gastos de inmovilización do vehículo (gastos xustificados nos que se poida incurrir por asistencia na estrada, camión guindastre, depósito de vehículos, etc.), ademais dun cargo administrativo de accidentes.
- Indemnización equivalente ao importe aboado por CENTAURO en concepto de multas, así como os danos e prexuízos e/ou penalizacións derivados por cada infracción de tráfico ou infracción de leis por parte de calquera persoa autorizada como condutor, incluídas as recargas correspondentes ao atraso no pago por parte do Arrendatario.
- Indemnización equivalente ao importe dos danos e prexuízos ocasionados por negligencia do CLIENTE, entre os que expresamente se inclúen a perda de chaves, os erros na reposición de combustible e a falta de elementos internos do vehículo arrendado.
- Indemnización equivalente ao importe aboado por CENTAURO en concepto de peaxes por consumos do CLIENTE, así como calquera cantidade derivada deles (recargas, etc.). Ademais, O CLIENTE deberá aboar un cargo de 40 € euros en concepto de gastos de xestión por cada contrato.

## **6. RÉXIME DOS DANOS DERIVADOS DA UTILIZACIÓN DO VEHÍCULO**

### **6.1 Danos A TERCEIROS**

En cumprimento da normativa vixente, CENTAURO mantén en todo momento contratado e en vigor un seguro con compañías de primeiro nivel que cobre a responsabilidade civil do condutor ou condutores do vehículo arrendado polos danos persoais e materiais sufridos por terceiros con motivo da súa circulación.

O seguro dos vehículos da frota de CENTAURO será contratado con calquera das seguintes compañías: Generali, Mutua Madrileña, Groupama Mapfre, Reale, Zurich, Helvetia e Axa, cuxa cobertura xeográfica esténdese a nivel nacional.

No marco deste seguro, tamén quedan asegurados, ata determinados límites, os danos persoais (morte, invalidez total e parcial e gastos de asistencia sanitaria) sufridos polo propio condutor autorizado (válido unicamente para España, Portugal e Grecia).

Coa sinatura deste contrato, os condutores autorizados adquiren a condición de asegurados por este seguro.

Os límites de responsabilidade cubertos polo seguro son, polo menos, os previstos con carácter obrigatorio en cada momento pola lexislación vixente.

Sen prexuízo dos dereitos a favor do terceiro prexudicado, infórmase ao CLIENTE de que este seguro ten unha franquía por todas as garantías afectadas que poden ser obxecto de reclamación por CENTAURO, cuxos importes indícanse nas Condicións Comerciais.

Así mesmo, informase ao CLIENTE do dereito da entidade aseguradora a reclamar ao CLIENTE os danos causados naqueles supostos excluídos de cobertura polo seguro.

O CLIENTE pode consultar as condicións xerais do seguro en calquera momento.

## **6.2 Danos AO VEHÍCULO**

O CLIENTE é responsable fronte a CENTAURO da correcta conservación e utilización do vehículo por el, os condutores autorizados e os restantes ocupantes.

A responsabilidade que asume o CLIENTE fronte a CENTAURO polos danos causados ao vehículo será establecida no momento da contratación en virtude da Lista de Importe de Danos indicada nas Condicións Comerciais de Alugamento.

Sen prexuízo do anterior e do que se indicará posteriormente, CENTAURO ofrece ao CLIENTE o alugamento do vehículo baixo dúas modalidades.

A) Modalidade por defecto: Exoneración limitada por danos (Collision Damage Waiver ou CDW) + Exoneración limitada por subtracción do vehículo (Theft Protection ou TP)

Baixo esta modalidade, CENTAURO exime parcialmente ao CLIENTE da responsabilidade polos danos producidos ao vehículo.

En ditos supostos o CLIENTE só será responsable fronte a CENTAURO ata o importe máximo da cantidade fixada expresamente no contrato en concepto de FRANQUÍA dos danos ocasionados ao vehículo (determinados conforme á lista á que se fai referencia nas Condicións Comerciais). Ademais, se o vehículo está involucrado nun accidente durante o período de alugamento, existe un cargo administrativo de accidentes de 50 €.

En calquera caso, para a efectividade desta limitación de responsabilidade, será indispensable a declaración dos danos e, no seu caso, a presentación do correspondente parte de accidente/informe policial no que consten todos os datos referidos ao accidente ou sinistro producido (datos dos vehículos e/ou persoas intervintes, así como descrición do sucedido e dos danos ocasionados).

Así mesmo, baixo esta modalidade CENTAURO exime parcialmente ao CLIENTE da responsabilidade polos danos derivados da subtracción ilexítima do mesmo ou das súas partes ou compoñentes,

por riba do importe fixado expresamente no contrato en concepto de FRANQUÍA, que en todo caso deberá ser aboada polo CLIENTE.

En calquera caso, para a efectividade desta limitación de responsabilidade, será indispensable a entrega tanto das chaves do vehículo arrendado no momento de comunicar os feitos a CENTAURO como dunha copia da denuncia penal presentada ante as autoridades competentes.

Tal e como se especifica nas Condicións Comerciais deste contrato, o arrendamento do vehículo baixo esta modalidade comportará a obrigaón para O CLIENTE de realizar un depósito en garantía do pago das devanditas responsabilidades.

Malia o anterior, advírtese expresamente ao CLIENTE que a exoneración limitada de responsabilidade non alcanzará aos danos ocasionados por algunha das seguintes circunstancias, en cuxo caso CENTAURO poderá reclamar o seu importe íntegro:

- Danos producidos nos pneumáticos, xa sexan producidos por golpes dados aos mesmos ou por un exceso de carga no vehículo arrendado.
- Danos ocasionados tanto nos bombines ou pechaduras, coma nos cristais do vehículo arrendado.
- Danos ocasionados pola subtracción de rodas, elementos da parte inferior ou baixos do vehículo, teito, chaves dobres, bombines, asentos e cristais do vehículo arrendado.
- Danos ou elementos ausentes que se causasen nas partes e elementos integrantes do vehículo, interiores, exteriores e de mecánica, no caso de que o vehículo arrendado fose subtraído ou se intentase a súa subtracción.

#### B) Modalidade opcional: Exoneración plena por danos (tarifa SMART)

Baixo esta modalidade, e sen prexuízo do que se indicará posteriormente, CENTAURO exime plenamente ao CLIENTE, a cambio do pago das cantidades adicionais en concepto de alugamento do vehículo que se especifican nas Condicións Comerciais deste contrato, dos danos ocasionados ao vehículo ou derivados da súa subtracción ilexítima dos que sería responsable baixo a anterior modalidade “CDW + TP”.

O CLIENTE non poderá optar por esta modalidade de contratación con posterioridade á subscrición do contrato de alugamento.

C) Danos non cubertos baixo ningunha das anteriores modalidades de contratación

Calquera que sexa a modalidade de contratación elixida polo CLIENTE, este sempre responderá fronte a CENTAURO ata o seu importe íntegro (incluído o lucro cesante derivado da imposibilidade de alugar o vehículo) dos danos e prexuízos ocasionados por algunha das seguintes circunstancias: Danos producidos por accidentes nos que a causa eficiente deles sexa unha vulneración grave das normas de tráfico, ou a comisión dunha conduta constitutiva dun delito contra a seguridade do tráfico.

- Danos producidos pola condución baixo os efectos do alcohol ou as drogas.
- Danos ocasionados no vehículo arrendado como consecuencia de accidentes producidos pola condución desapropiada ou a conduta gravemente negligente do CLIENTE ou dos condutores autorizados, cando así quedara de manifesto nun procedemento xudicial.
- Danos ocasionados nas chaves dobres entregadas ao arrendatario para a apertura do vehículo e na tapicería.
- Danos ocasionados como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos, así como os gastos de asistencia derivados deles (excepto casos de forza maior)
- Danos ao vehículo fóra do país de recollida se non se contratou a Cobertura exterior obrigatoria de asistencia na estrada.
- Asistencia na estrada en caso de conxelación de combustible.
- Danos/Perda de cadeiras para nenos.
- Danos/Perda/Subtracción de chaves, gato, triángulos de seguridade, chalecos, limpaparabrisas, tapón do depósito de gasolina, bandexas do maletreiro ou calquera outro compoñente móbil ou fixo do vehículo, así como o uso de extintores ou kits médicos fóra dos casos de sinistro co vehículo.
- Danos ao motor por negligencia.
- Danos por reposición de gasolina inadecuada.
- Subtracción do vehículo coas chaves postas.

- As multas por infraccións de tráfico ou infraccións de leis durante o período de alugamento son responsabilidade do condutor do vehículo. No caso de recibir unha multa cobrarase o importe de 40 € en concepto de penalización por incumprimento de contrato en España, Portugal e Grecia e de 50 € en Italia por cada multa notificada (o cliente terá dereito á devolución da penalización por multas en caso de resolución administrativa o xudicial posterior que deixe sen efecto a multa notificada).
- Consumos de peaxes do CLIENTE, así como calquera cantidade derivada deles (recargas, etc.). Ademais, o CLIENTE deberá aboar un cargo de 40 € euros en concepto de gastos de xestión por cada contrato (cobrarase este importe con independencia do curso da tramitación oficial da infracción).

### **6.3 Danos AOS BENS PROPIEDAD DO CLIENTE**

O dano, a perda ou a subtracción dos bens propiedade do CLIENTE que se atopen no vehículo será total e exclusivamente ao seu cargo, e non están cubertos por ningún seguro nin baixo ningunha das modalidades de contratación especificadas no apartado anterior. CENTAURO non asume ningunha responsabilidade en materia de custodia ou envío dos bens propiedade do CLIENTE deixados nos vehículos unha vez finalizado o alugamento.

## **7. ACCIDENTES**

O CLIENTE comprométese a informar inmediatamente de calquera sinistro a CENTAURO e a transmitirille todas as notificacións que se refiran ao devandito sinistro, así como a prestar a máxima cooperación tanto a CENTAURO como á Compañía Aseguradora na investigación e a defensa de calquera reclamación e proceso.

En calquera caso, no momento do accidente ou sinistro, o CLIENTE:

- Obterá os datos completos da parte contraria e de todas as circunstancias relacionadas con accidente.
- En caso de non ser posible a subscripción do correspondente parte amistoso de accidente, notificará inmediatamente o accidente ás autoridades policiais e obterá unha copia do informe policial.



No caso de que o CLIENTE non proporcione o parte amistoso de accidente ou o informe policial, CENTAURO resérvase o dereito de considerar ao CLIENTE responsable do sinistro.

O CLIENTE comprométese a ser veraz en todas as declaracións e manifestacións, orais e escritas, que efectúe con respecto ás circunstancias nas que tivo lugar o suceso danoso. O CLIENTE responderá fronte a CENTAURO e a súa aseguradora polos danos que puidesen derivarse de declaracións ou manifestacións falsas, erróneas ou parciais. Centauro resérvase o dereito a non aceptar as declaracións ou manifestacións do cliente.

## **8. REPARACIÓNS, ENGRAXAMENTO, ACEITES e COMBUSTIBLES**

O CLIENTE deberá comprobar os niveis de líquidos cada 1000 km e repoñelos se é necesario. Os custos por reposición de líquidos (excluídos os producidos por neglixencia) aboaranse trala presentación dos correspondentes recibos acreditativos da realización do devandito servizo. As reparacións derivadas de danos e/ou avarías faranse nos talleres concertados que designe ao efecto de maneira expresa CENTAURO, quen asumirá o pago dos importes aos que ascendan as mesmas, sempre que se cumpran as condicións establecidas no presente contrato. Se se tivese que efectuar en talleres non concertados por CENTAURO, requirirase a autorización previa expresa de esta e reembolsarase o importe ao que ascenda a reparación efectuada ao CLIENTE no momento no que presente os recibos acreditativos da prestación dos servizos e do importe ao que ascendan os mesmos.

O CLIENTE debe reabastecer o vehículo co tipo de combustible adecuado para el, cuxo importe será sempre ao seu cargo.

CENTAURO procederá á devolución do importe entregado en depósito para garantir o pago do combustible que se entrega co vehículo arrendado, cando así estea expresamente establecido nas condicións da modalidade de contratación elixida polo cliente. Nos casos nos que na devandita modalidade de contratación se establecese o cargo en concepto de “servizo de reposición de combustible”, CENTAURO devolverá ao cliente a cantidade

correspondente á porcentaxe de combustible non consumido en función do reflectido no indicador do volume existente no depósito, excepto o cargo adicional de 25 € en concepto de “servizo de reposición de combustible”, que expresamente está autorizado a efectuar, polo gasto que para esta supón o desprazamento dos seus operarios para a realización das devanditas operacións de reposición de combustible.

O prezo do combustible consumido calcúlase conforme ao prezo medio do combustible no mercado. Consulte as Condicións Comerciais en [centauro.net](http://centauro.net) para obter máis información.

### **9. XURISDICIÓN E LEI APLICABLE**

O presente contrato rexerese polas leis españolas e, para os casos nos que o CLIENTE mereza a consideración de consumidor ou usuario, calquera discrepancia sobre el someterase, en caso de imposibilidade de alcanzar acordo amistoso que a resolva, á xurisdición correspondente á do lugar de cumprimento da obrigaición, tendo dita consideración a do lugar onde se iniciou o alugamento, e todo iso conforme ao expresamente establecido na normativa vixente en materia de consumidores e usuarios.

No suposto de que o contratante do servizo non mereza a devandita consideración de consumidor ou usuario, as partes pactan expresamente que se someten á xurisdición do municipio no que se atope o domicilio social de CENTAURO.

Informase ao CLIENTE de que ten á súa disposición o servizo de Atención ao Cliente e Reclamacións de CENTAURO, así como información sobre entidades de resolución alternativa de litixios de consumo na web: <https://www.centauro.net/ayuda-sobre-el-alquiler-del-coche/formulario-contacto/>

Malia o anterior, e conforme ao expresamente establecido no artigo 38 da lei española 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, CENTAURO manifesta expresamente a súa vontade en contra de que a resolución de calquera controversia suscitada como consecuencia da contratación dos servizos de arrendamentos de vehículos, sexa resolta a través da Xunta Arbitral de Transporte.

## **10. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.**

**Responsable do tratamento** CENTAURO RENT A CAR, S.L.U (“CENTAURO”). Enderezo: Avda. País Valencià 9 Bloque A, Local 4, 03509 Finestrat, Alacante. Correo electrónico: [dpo@centauro.net](mailto:dpo@centauro.net) Tel.: (+34) 966 360 360. **I. Finalidades principais dos tratamentos:**

Con base na execución da relación contractual: Tramitar a túa solicitude de alta como CLIENTE para poder xestionar a relación comercial e necesidades contigo. Xestionar, manter e asegurar o cumprimento da relación contractual ou precontractual que nos una.

Con base nunha obrigación legal: Para o cumprimento de calquera obrigación legal regulamentaria ou normativa legal, poderemos comunicar os teus datos ás autoridades públicas, reguladoras ou órganos gubernamentais. Xeolocalización do vehículo en caso de requirimento por parte de autoridades. Con base no interese lexítimo

de CENTAURO: Accións comerciais de CENTAURO, por calquera medio, destinadas a ofrecerche produtos e/ou servizos similares aos contratados. Realizar enquisas de satisfacción e análises das túas necesidades para axustar a nosa oferta ao teu perfil. Gravar a túa voz e/ou a túa imaxe para manter a calidade do servizo, e en caso necesario, poder xestionar reclamacións e outros procedementos. Comunicar os teus datos a aseguradoras para a asistencia na estrada en caso de sinistros ou incidencias de tráfico. Comunicar os teus datos a empresas de Centauro e o seu Grupo (Grupo Mutua Madrileña), en particular, a MUTUA MADRILEÑA AUTOMOVILISTA, S.S.P.F.; AUTOCLUB MUTUA MADRILEÑA, S.L.U.; MUTUAMAD INNOVACIÓN, S.L.U.; SILDOSCAN SPAIN, S.L.; CENTAURO RENT A CAR, S.L.U.; NORDIC BUS, S.L.U.; CENTAURO RENT A CAR ITALY, S.r.L.; CENTAURO RENT A CAR, L.D.A.; NORDICWHEELS, L.D.A.; CENTAURO RENT A CAR GREECE, SINGLE MEMBER S.A e outras, coa finalidade de prestar «in situ» os servizos de alugamento de vehículo sen condutor solicitados polo cliente, e os servizos complementarios a estes, así como para a centralización de procesos administrativos e informáticos. Xeolocalización do vehículo en instalacións de Centauro e en caso de roubo ou apropiación indebida. Con base no teu consentimento: Analizar as túas necesidades consultando fontes propias ou externas, así como aos nosos socios publicitarios, para mostrarche publicidade relevante e segmentada de acordo coas túas preferencias. Verificar a túa identidade e a túa documentación a

través do recoñecemento facial. Xeolocalización do vehículo para a asistencia solicitada polo usuario. Recompilar datos de condución para análises. **II. Destinatarios dos datos:** autoridades públicas, reguladoras ou órganos gobernamentais ou xurisdicionais. Compañías aseguradoras para a asistencia na estrada en caso de incidencias ou sinistros de tráfico, sociedades do Grupo Centauro para a correcta prestación dos servizos, así como terceiras empresas colaboradoras de Centauro. **III. Dereitos de protección de datos:** Podes exercitar os teus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación ou oposición ao tratamento de datos, a portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións automatizadas, tal e como se detalla na “Información Adicional”. **IV. Información adicional:** Podes consultar a información adicional detallada sobre a nosa Política de Privacidade para Clientes na nosa páxina web: <https://www.centauro.net>. Como che indicamos, para comunicarche as mellores ofertas sobre os produtos e servizos que Centauro pon á túa disposición e que mellor se axustan aos teus intereses, necesitamos que nos deas o teu consentimento: Consinto que Centauro poida levar a cabo a realización dun perfil sobre os meus hábitos de consumo a través de información interna e externa, así como comunicar os meus datos aos seus socios publicitarios coa finalidade de ofrecerme ofertas especiais sobre produtos ou servizos axustados ás miñas necesidades.  Si

## **CONDICIÓNS XERAIS DO CONTRATO DE ALUGAMENTO DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN PORTUGAL**

### **1. PARTES E OBRIGACIÓNS XERAIS**

CENTAURO, en calidade de arrendador, aluga ao CLIENTE (para os efectos do presente contrato enténdese por CLIENTE ao condutor principal, así como solidariamente ao pagador), que se constitúe en arrendatario, o vehículo obxecto do presente contrato (ou o que puidese entregarse en substitución deste en caso necesario), con suxeición aos termos, condicións e tarifas establecidos nas Condicións Comerciais de CENTAURO en centauro.net, este documento e/ou en calquera anexo a el existente; e que o CLIENTE se compromete a cumprir, manifestando expresamente ter lido e aceptado as condicións establecidas no presente contrato, sen que manifieste ao respecto dúbida ou desconformidade algunha.

Advírtese expresamente ao CLIENTE que CENTAURO poderá non atender as demandas efectuadas para a prestación dos servizos ofertados naqueles casos nos que conste debidamente xustificando que o solicitante deles incumpriu os termos e as condicións dos contratos celebrados con anterioridade con CENTAURO, tanto en casos de ausencia de pago dos servizos prestados como naqueles supostos nos que se teña producido unha prolongación indebida dos servizos contratados sen o correspondente coñecemento nin autorización por parte de CENTAURO, e todo iso conforme á posibilidade expresamente contemplada na normativa vixente en materia de consumidores e usuarios que puidese resultar de aplicación.

Co obxecto de minimizar obxectivamente os riscos derivados da conducción de vehículos a motor, non poderán incluírse coma condutores no contrato celebrado sobre o vehículo arrendado, a aquelas persoas:

1.- Que teñan unha idade inferior a (19) anos.

Sen prexuízo do anterior e de conformidade coas tarifas vixentes e publicadas por esta empresa, advírtese expresamente ao CLIENTE que os condutores que teñan, no momento da subscripción do

contrato, unha idade comprendida entre os 19 e os 24 anos deberán aboar o cargo adicional indicado como “young driver” (conductor novo), mentres que aqueles cuxa idade sexa superior aos 75 años deberán aboar o correspondente cargo adicional indicado como “senior driver” (conductor maior).

2.- Que teñan un permiso de circulación de vixencia inferior a un (1) ano, que non estea en vigor, ou que non estea homologado no país de entrega do vehículo (sendo o CLIENTE responsable directo da vixencia e a homologación do permiso de conducir; debendo manter a Centauro Rent a Car indemne baixo calquera concepto.

3.- Que sendo condutores principais non mostren o documento orixinal do seu carné de conducir no momento da subscrición do presente documento, salvo que previamente obtiveran un Centauro ID na plataforma de dixitalización da nosa web.

4.- Que dispoñan dun carné de conducir con algún tipo de problema, como cargas legais e/ou penais.

5.- Que no momento da contratación presenten unha incapacidade física ou mental manifesta, que leve a considerar que non presentan unhas condicións aptas para a conducción.

O CLIENTE obrígase expresamente a non permitir a conducción do vehículo a ningunha persoa distinta ás que figuren como condutores no contrato suscrito para o efecto, facéndose responsable de calquera dano ou prexuízo producido no vehículo ou a terceiros en caso de que o CLIENTE incumpra as devanditas condicións.

#### Para Portugal:

Do mesmo modo e ao obxecto de evitar os posibles riscos ocasionados polas travesías en barco ou calquera outro medio de transporte que sería necesario utilizar nestes casos, O CLIENTE obrígase expresamente a non desprazarse co vehículo arrendado a ningún lugar distinto de Portugal continental, nin a ningún lugar desde a illa de Madeira.

O CLIENTE tampouco poderá desprazarse co vehículo arrendado fóra do territorio nacional, salvo que manifestase a súa intención de facelo na oficina de CENTAURO, no momento da súa contratación, en cuxo caso deberá subscribir a asistencia na estrada existente que o

facultará para desprazarse por España, único territorio no que estaría permitida a circulación no devandito suposto.

O incumprimento de calquera das obrigacións asumidas por cada unha das partes no presente contrato facultará á outra para esixir o seu cumprimento ou dalo por resolto, así como para adoptar as medidas oportunas para a recuperación do vehículo (en caso de incumprimento por parte do arrendatario), ou para a devolución das cantidades entregadas (en caso de incumprimento por parte do arrendador), e todo isto sen prexuízo da posibilidade de reclamar os danos e prexuízos que se puideran ocasionar como consecuencia de dito incumprimento.

O presente contrato de arrendamento de vehículo sen condutor realízase para que o CLIENTE poida utilizar e dispoñer do vehículo para o seu uso particular, asumindo expresamente este a responsabilidade civil, administrativa ou incluso penal que se puidese derivar dun uso indebido, ou da comisión de calquera tipo de infracción administrativa ou penal que se puidese levar a cabo co vehículo.

A comisión por parte do CLIENTE de calquera tipo de actuación da que puidera derivarse algún tipo de responsabilidade civil á que deba facer fronte CENTAURO, ou que puidese ser constitutiva de infracción administrativa ou penal, facultará a CENTAURO para reclamar non só o importe das indemnizacións ou as sancións ás que tivese que facer fronte, senón tamén a suma á que ascendan os danos e prexuízos ocasionados como consecuencia da perda económica total e da imposibilidade de utilizar o vehículo obxecto do presente contrato de arrendamento.

En Centauro renovamos cada ano os nosos vehículos e ofrecemos os últimos modelos e a maior fiabilidade. Por este motivo, Centauro só mantén vehículos na súa flota durante un determinado período de tempo/quilometraxe.

O incumprimento destes parámetros pode causar danos a Centauro. Por este motivo, Centauro resérvase o dereito, durante a vixencia do contrato, de cambiar o vehículo entregado ao Cliente se o vehículo xa

permaneceu na flota de Centauro durante un período de tempo determinado ou xa alcanzou unha determinada quilometraxe.

Segundo o devandito intervalo de tempo ou quilometraxe, pode ser necesario, durante a vixencia do contrato, cambiar o vehículo entregado a un cliente por outro equivalente, é dicir, pertencente á categoría pactada no contrato. O Cliente será inmediatamente informado da necesidade de cambiar o vehículo e está obrigado a devolvelo na hora e data indicadas na oficina de Centauro estipulada, así como a cumprir cantas outras medidas sexan necesarias para o cambio de vehículo. . . Esta circunstancia non se considera extinción da relación contractual.

Se o Cliente non devolve o vehículo ou non o devolve na data e hora especificadas, deberá pagar unha penalización por cada día de atraso de conformidade co apartado “6. Condicións de reserva” das Condicións comerciais. Centauro tamén ten dereito a reclamar unha indemnización adicional polos danos e prexuízos que se poidan producir.

## **2. USO DO VEHÍCULO POLO ARRENDATARIO**

CENTAURO manifesta expresamente que o vehículo entregado superou as revisións mecánicas e os controis internos realizados, atopándose no estado xeral que se fai constar na folla subscrita polo CLIENTE para o efecto, e dispón da documentación necesaria, ferramentas e accesorios adecuados, así como de todos os seus pneumáticos (incluído o de repostos ou no seu caso o kit de reparación) en bo estado, sen picadas e sen defectos graves.

O CLIENTE comprométese expresamente a:

- Conservar o vehículo en bo estado e a non expoñelo a potenciais riscos.
- Respectar as normas do Código de Circulación de aplicación en cada territorio e garantir que se cumpran as leis de tráfico, segundo as especificacións de uso do tipo de vehículo en cuestión. En particular, as partes acordan expresamente que a realización de calquera conduta que supoña una infracción do Código de Circulación, infracción de leis ou a comisión dun delito contra a seguridade do tráfico será considerada como



incumprimento esencial das obrigacións asumidas no presente contrato, ou que poderá dar lugar á súa resolución e/ou a esixir as indemnizacións correspondentes polos danos e prexuízos ocasionados (ademais das oportunas penalizacións por incumprimento de contrato establecidas), incluídas as correspondentes aos gastos e costas ocasionados a CENTAURO como consecuencia das devanditas condutas.

- Non realizar actividades con fins de subarrendamento do vehículo, nin transportar persoas ou mercancías, que infrinxan a lei ou as disposicións legais vixentes ou cuxo número (peso, cantidade e/ou volume) supere os límites especificados polo fabricante do vehículo ou as leis.
- Non conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas, drogas, outras sustancias estupefacientes, nin coas facultades físicas menoscabadas pola fatiga, enfermidade ou calquera outra circunstancia que desaconselle unha condución segura.
- Non utilizar o vehículo para empuxar ou remolcar outros vehículos, remolques ou obxectos rodantes ou non.
- Non participar en competicións ou carreiras deportivas oficiais ou outras.
- Non facer uso ou realizar probas de resistencia de materiais, accesorios ou produtos de automóbiles non proporcionados e/ou autorizados por CENTAURO.
- Non transportar obxectos ou mercancías cuxo transporte estea prohibido ou suxeito a autorización administrativa, así como tampouco mercancías inflamables, perigosas, radioactivas, tóxicas e/ou nocivas.
- Non dar en garantía, peñar, vender, alugar, ceder, hipotecar, prestar ou incluso variar ou modificar calquera parte do vehículo —incluíndo os documentos, chaves, ferramentas e accesorios— ou o propio vehículo.
- Pechar correctamente o vehículo, estacionar nun lugar apto, adecuado e seguro cando non se está a utilizar, así como conservar e manter a documentación deste no seu interior en todo momento.
- Inmobilizar inmediatamente o vehículo se existise o menor indicio externo ou explícito (indicadores) que fagan presumir a existencia dun fallo técnico. Nestes casos, o CLIENTE deberá

contactar á maior brevidade posible coa oficina de CENTAURO máis próxima ou co centro de asistencia designado, denegándose o aboamento dos cargos que puideran producirse pola utilización de empresas de asistencia distintas, salvo suposto de máxima urxencia.

- Non conducir co vehículo arrendado por zonas non transitables ou por estradas non pavimentadas que non sexan aptas para a circulación, en tanto que poidan ocasionar danos na parte inferior da carrocería e/ou outras clases de danos.
- Seguir as instrucións específicas e aboar as peaxes correspondentes nas estradas de pago.

### **3. DEVOLUCIÓN DO VEHÍCULO**

O vehículo devolverase no mesmo estado no que se entregou e cos mesmos documentos, accesorios e equipamento no lugar, a data e a hora pactados como finalización do período de arrendamento contratado. O CLIENTE asume expresamente as consecuencias xurídicas derivadas das alteracións efectuadas no vehículo arrendado que non fosen expresamente autorizadas por CENTAURO. Devolver o vehículo fóra da data e a hora establecidas no contrato de alugamento autoriza a Centauro Rent a Car a cobrar calquera período adicional no que se utilice o vehículo máis unha penalización de 50 € por día.

En ningún caso se entenderá prorrogado tacitamente o contrato de arrendamento polo feito de que o CLIENTE non proceda á devolución do vehículo en cuestión chegada a data pactada da súa finalización, sendo precisa en calquera caso a autorización expresa e por escrito de CENTAURO para a devandita prórroga (realizando o CLIENTE unha nova reserva suxeita á dispoñibilidade e aboando o importe da tarifa correspondente). O CLIENTE será responsable de calquera dano ocasionado ao vehículo unha vez finalizado o prazo de vixencia do arrendamento e ata que proceda á súa devolución. En todo caso, CENTAURO poderá reclamar a indemnización que puidese corresponderlle polos danos e prexuízos ocasionados.

Os danos causados ao vehículo quedan suxeitos á aplicación dos valores que constan na “Lista de importes por danos”, elaborada para

cada dano en concreto, tomando como base os prezos medios aplicados no mercado polos diferentes talleres de reparación.

O Cliente declara expresamente ter lido e aceptado as condicións establecidas na mencionada “Lista de importes por danos”, a cal se atopa dispoñible para consulta no noso portal electrónico.

Ademais, CENTAURO poderá iniciar as accións xudiciais e administrativas oportunas para esixir o cumprimento do pactado entre as partes, incluso instando a correspondente acción penal por posible delito de apropiación indebida pola que se inste ás forzas de seguridade do Estado a proceder á detención e inmovilización do vehículo.

#### **4. CARGOS POR ALUGAMENTO**

En virtude do presente contrato de arrendamento, o CLIENTE quedará obrigado a aboar:

- Cargos derivados do alugamento do vehículo, impostos e cargos, e o valor da reposición por perda de documentos, accesorios e/ou ferramentas.
- Nos casos nos que o vehículo se devolva nun estado non acorde a un uso normal (vehículo sucio, uso fóra de lo habitual, etc.), o CLIENTE deberá aboar un cargo adicional de limpeza por un importe máximo de 100 €, previa xustificación do importe do servizo prestado.
- Nos supostos nos que o CLIENTE modifique as condicións pactadas, ben porque solicite a entrega do vehículo unha vez finalizado o período de arrendamento nun lugar distinto ao elixido inicialmente, ou ben porque permita a condución do vehículo por parte de unha persoa non incluída inicialmente como condutor adicional, o CLIENTE será obrigado a aboar as tarifas vixentes para cada un dos supostos contemplados.
- En caso de que, trala liquidación das taxas e custos pola provisión do servizo, resulte unha cantidade a favor do CLIENTE, CENTAURO aboará de forma inmediata o importe resultante na mesma forma na que se produciu o pago da cantidade por parte do primeiro (tarxeta de débito, tarxeta de crédito, etc.). Nota: CENTAURO non se responsabilizará do atraso que se puidese ocasionar como consecuencia das

xestións a realizar por parte das entidades bancarias ou de crédito.

- Se o CLIENTE solicitase unha asistencia na estrada, **este deberá correr cos gastos do camión guindastre, ou calquera outro gasto que esta asistencia ocasiona**, salvo naqueles supostos nos que a asistencia facilitada ao CLIENTE se produza como consecuencia dun fallo técnico do vehículo, e o servizo o proporcione unha das empresas de asistencia designadas ao efecto por CENTAURO. En Portugal os custos do camión guindastre inclúense no prezo, salvo supostos de negligencia do CLIENTE ou calquera condutor (entre outros, perda/dano de chaves, erros/ausencia de reposición de combustible, danos aos pneumáticos, afectación da batería, etc.).
- Se o cliente utiliza estradas de pago e non contratou con Centauro Rent a Car o dispositivo de pago telemático, o Cliente deberá pagar os consumos máis unha multa 10 veces superior ao importe da peaxe cun cargo mínimo de 25 € en concepto de penalización por xestión administrativa por cada tramitación.
- As peaxes, multas, gastos de estacionamento, sancións e gastos legais por infraccións cometidas na conducción segundo a normativa que resulte de aplicación (incluíndo gastos por conxestión ou limitación do tránsito) nos que incorra o CLIENTE durante a vixencia do contrato, aínda que estes fosen aboados en primeiro termo por CENTAURO; así como calquera gasto legal relativo ao vehículo alugado durante o tempo de alugamento.

## **5. POSIBLES CARGOS ADICIONAIS**

En caso de que, por incumprimento das obrigacións asumidas polo CLIENTE no presente contrato, este teña que aboar algunha cantidade establecida e/ou derivada das condicións comerciais e/ou xerais do contrato, o CLIENTE autoriza expresamente a CENTAURO para realizar os correspondentes cargos á tarxeta de crédito facilitada para o efecto, previa información do concepto polo que se realiza e a xustificación do seu importe.

En particular, o CLIENTE obrígase expresamente a aceptar os cargos derivados dos danos e prexuízos ocasionados como consecuencia do

seu incumprimento das obrigacións reflectidas no presente contrato, con motivo dos seguintes conceptos:

- Indemnización por calquera dano/perda causada ao vehículo e cuxa cobertura non quedase xustificada e/ou contratada polo CLIENTE xunto cos gastos de inmovilización do vehículo (gastos xustificados nos que se poida incurrir por asistencia na estrada, camión guindastre, depósito de vehículos, etc.), ademais dun cargo administrativo de accidentes.
- Indemnización equivalente ao importe aboado por CENTAURO en concepto de multas, así como os danos e prexuízos e/ou penalizacións por cada infracción de tráfico ou infracción de leis por parte de calquera persoa autorizada como condutor, incluídas as recargas correspondentes aos atrasos no pago por parte do Arrendatario.
- Indemnización equivalente ao importe dos danos e prexuízos ocasionados por negligencia do CLIENTE, entre os que expresamente se inclúen a perda de chaves, os erros na reposición de combustible e a falta de elementos internos do vehículo arrendado, entre outros danos mellor identificados na nosa “Lista de importes por danos”, que se atopa dispoñible para consulta no noso portal electrónico.
- Indemnización equivalente ao importe aboado por CENTAURO en concepto de peaxes por consumos do CLIENTE, así como calquera cantidade derivada deles (recargas, etc.). Ademais, O CLIENTE deberá aboar un cargo de 40 € euros en concepto de gastos de xestión por cada contrato.

## **6. RÉXIME DOS DANOS DERIVADOS DA UTILIZACIÓN DO VEHÍCULO**

### **6.1 Danos A TERCEIROS**

En cumprimento da normativa vixente, CENTAURO mantén en todo momento contratado e en vigor un seguro con compañías de primeiro nivel que cobre a responsabilidade civil do condutor ou condutores do vehículo arrendado polos danos persoais e materiais sufridos por terceiros con motivo da súa circulación.

O seguro dos vehículos da frota de CENTAURO será contratado con calquera das seguintes compañías: Generali, Mutua Madrileña,

Groupama Mapfre, Reale, Zurich, Helvetia e Axa, cuxa cobertura xeográfica esténdese a nivel nacional.

No marco deste seguro, tamén quedan asegurados, ata determinados límites, os danos persoais (morte, invalidez total e parcial e gastos de asistencia sanitaria) sufridos polo propio condutor autorizado (válido unicamente para España, Portugal e Grecia).

Coa sinatura deste contrato, os condutores autorizados adquiren a condición de asegurados por este seguro.

Os límites de responsabilidade cubertos polo seguro son, polo menos, os previstos con carácter obrigatorio en cada momento pola lexislación vixente.

Sen prexuízo dos dereitos a favor do terceiro prexudicado, infórmase ao CLIENTE de que este seguro ten unha franquía por todas as garantías afectadas que poden ser obxecto de reclamación por CENTAURO, cuxos importes indícanse nas Condicións Comerciais. Así mesmo, informase ao CLIENTE do dereito da entidade aseguradora a reclamar ao CLIENTE os danos causados naqueles supostos excluídos de cobertura polo seguro.

O CLIENTE pode consultar as condicións xerais do seguro en calquera momento.

## **6.2 Danos AO VEHÍCULO**

O CLIENTE é responsable fronte a CENTAURO da correcta conservación e utilización do vehículo por el, os condutores autorizados e os restantes ocupantes.

A responsabilidade que asume o CLIENTE fronte a CENTAURO polos danos ocasionados ao vehículo será establecida no momento da contratación en virtude da Lista de Importe de Danos indicada nas Condicións Comerciais de Arrendamento.

Sen prexuízo do anterior e do que se indicará posteriormente, CENTAURO ofrece ao CLIENTE o alugamento do vehículo baixo dúas modalidades.

A) Modalidade por defecto: Exoneración limitada por danos (Collision Damage Waiver ou CDW) + Exoneración limitada por subtracción do vehículo (Theft Protection ou TP)

Baixo esta modalidade, CENTAURO exime parcialmente ao CLIENTE da responsabilidade polos danos producidos ao vehículo.

En ditos supostos o CLIENTE só será responsable fronte a CENTAURO ata o importe máximo da cantidade fixada expresamente no contrato en concepto de FRANQUÍA dos danos ocasionados ao vehículo (determinados conforme a lista á que se fai referencia nas Condicións Comerciais). Ademais, se o vehículo está involucrado nun accidente durante o período de arrendamento, existe un cargo administrativo de accidentes de 50 €.

En calquera caso, para a efectividade desta limitación de responsabilidade, será indispensable a declaración dos danos e, no seu caso, a presentación do correspondente parte de accidente/informe policial no que consten todos os datos referidos ao accidente ou sinistro producido (datos dos vehículos e/ou persoas intervintes, así como descrición do sucedido e dos danos ocasionados).

Así mesmo, baixo esta modalidade CENTAURO exime parcialmente ao CLIENTE da responsabilidade polos danos derivados da subtracción ilexítima do mesmo ou das súas partes ou compoñentes, por riba do importe fixado expresamente no contrato en concepto de FRANQUÍA, que en todo caso deberá ser aboada polo CLIENTE.

En calquera caso, para a efectividade desta limitación de responsabilidade, será indispensable a entrega tanto das chaves do vehículo arrendado no momento de comunicar os feitos a CENTAURO como dunha copia da denuncia penal presentada ante as autoridades competentes.

Tal e como se especifica nas Condicións Comerciais deste contrato, o arrendamento do vehículo baixo esta modalidade comportará a obrigaón para O CLIENTE de realizar un depósito en garantía do pago das devanditas responsabilidades.

Malia o anterior, advírtese expresamente ao CLIENTE que a exoneración limitada de responsabilidade no alcanzará aos danos ocasionados por algunha das seguintes circunstancias, en cuxo caso CENTAURO poderá reclamar o seu importe íntegro:

- Danos producidos nos pneumáticos, xa sexan producidos por golpes dados aos mesmos ou por un exceso de carga no vehículo arrendado.
- Danos ocasionados tanto nos bombines ou pechaduras, coma nos cristais do vehículo arrendado.
- Danos ocasionados pola subtracción de rodas, elementos da parte inferior ou baixos do vehículo, teito, chaves dobres, bombines, asentos e cristais do vehículo arrendado.

Danos ou elementos ausentes que se causasen nas partes e elementos integrantes do vehículo, interiores, exteriores e de mecánica, no caso de que o vehículo arrendado fora subtraído ou se intentase a súa subtracción (cobrarase este importe con independencia do curso da tramitación administrativa da infracción).

B) Modalidade opcional: Exoneración plena por danos (tarifa SMART)

Baixo esta modalidade, e sen prexuízo do que se indicará posteriormente, CENTAURO exime plenamente ao CLIENTE, a cambio do pago das cantidades adicionais en concepto de alugamento do vehículo que se especifican nas Condicións Comerciais deste contrato, dos danos ocasionados ao vehículo ou derivados da súa subtracción ilexítima dos que sería responsable baixo a anterior modalidade “CDW + TP”.

O CLIENTE non poderá optar por esta modalidade de contratación con posterioridade á subscrición do contrato de alugamento.

C) Danos non cubertos baixo ningunha das anteriores modalidades de contratación

Calquera que sexa a modalidade de contratación elixida polo CLIENTE, este sempre responderá fronte a CENTAURO ata o seu importe íntegro (incluído o lucro cesante derivado da imposibilidade



de alugar o vehículo) dos danos e prexuízos ocasionados por algunha das seguintes circunstancias:

- Danos producidos por accidentes nos que a causa eficiente dos mesmos sexa unha vulneración grave das normas de tráfico, ou a comisión dunha conduta constitutiva dun delito contra a seguridade do tráfico.
- Danos producidos pola conducción baixo os efectos do alcohol ou as drogas.
- Danos ocasionados no vehículo arrendado como consecuencia de accidentes producidos pola conducción desapropiada ou a conduta gravemente negligente do CLIENTE ou dos condutores autorizados, cando así quedase de manifesto nun procedemento xudicial.
- Danos ocasionados nas chaves dobres entregadas ao arrendatario para a apertura do vehículo e na tapicería.
- Danos ocasionados como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos, así como os gastos de asistencia derivados deles (excepto casos de forza maior)
- Danos ao vehículo fóra do país de recollida se non se contratou a Cobertura exterior obrigatoria de asistencia na estrada.
- Asistencia na estrada en caso de conxelación de combustible.
- Danos/Perda de cadeiras para nenos.
- Danos/Perda/Subtracción de chaves, gato, triángulos de seguridade, chalecos, limpaparabrisas, tapón do depósito de gasolina, bandexas do maletreiro ou calquera outro compoñente móbil ou fixo do vehículo, así como o uso de extintores ou kits médicos fóra dos casos de sinistro co vehículo.
- Danos ao motor por negligencia.
- Danos por reposición de gasolina inadecuada.
- Subtracción do vehículo coas chaves postas.
- As multas por infraccións de tráfico ou infraccións de leis durante o período de alugamento son responsabilidade do condutor do vehículo). En caso de recibir unha multa cobrarase o importe de 40 € en concepto de penalización por incumprimento de contrato en España, Portugal e Grecia e de 50 € en Italia por cada multa notificada (o cliente terá dereito á devolución da penalización por

multas en caso de resolución administrativa o xudicial posterior que deixe sen efecto a multa notificada).

- Consumos de peaxes do CLIENTE, así como calquera cantidade derivada deles (recargas, etc.). Ademais, o CLIENTE deberá aboar un cargo de 40 € euros en concepto de gastos de xestión por cada contrato (cobrarase este importe con independencia do curso da tramitación oficial da infracción).

### **6.3 Danos AOS BENS PROPIEDAD DO CLIENTE**

O dano, a perda ou a subtracción dos bens propiedade do CLIENTE que se atopen no vehículo serán total e exclusivamente ao seu cargo, e non están cubertos por ningún seguro nin baixo ningunha das modalidades de contratación especificadas no apartado anterior. CENTAURO non asume ningunha responsabilidade en materia de custodia ou envío dos bens propiedade do CLIENTE deixados nos vehículos unha vez finalizado o alugamento.

## **7. ACCIDENTES**

O CLIENTE comprométese a informar inmediatamente de calquera sinistro a CENTAURO e a transmitirle todas as notificacións que se refiran ao devandito sinistro, así como a prestar a máxima cooperación tanto a CENTAURO como á Compañía Aseguradora na investigación e a defensa de calquera reclamación e proceso.

En calquera caso, no momento do accidente ou sinistro, o CLIENTE:

- Obterá os datos completos da parte contraria e de todas as circunstancias relacionadas co accidente.
- En caso de non ser posible a subscripción do correspondente parte amistoso de accidente, notificará inmediatamente o accidente ás autoridades policiais e obterá unha copia do informe policial.

No caso de que o CLIENTE non proporcione o parte amistoso de accidente ou o informe policial, CENTAURO resérvase o dereito de considerar ao CLIENTE responsable do sinistro.

O CLIENTE comprométese a ser veraz en todas as declaracións e manifestacións, orais e escritas, que efectúe con respecto ás circunstancias nas que tivo lugar o suceso danoso. O CLIENTE

responderá fronte a CENTAURO e a súa aseguradora polos danos que puidesen derivarse de declaracións ou manifestacións falsas, erróneas ou parciais. CENTAURO resérvase o dereito a non aceptar as declaracións ou manifestacións do cliente.

## ***8. REPARACIÓNS, ENGRAXAMENTO, ACEITES e COMBUSTIBLES.***

O CLIENTE deberá comprobar os niveis de líquidos cada 1000 km e repoñelos se é necesario. Os custos por reposición de líquidos (excluídos os producidos por negligencia) aboaranse trala presentación dos correspondentes recibos acreditativos da realización do devandito servizo. As reparacións derivadas de danos e/ou avarías faranse nos talleres concertados que designe para o efecto de maneira expresa CENTAURO, quen asumirá o pago dos importes aos que ascendan estas, sempre que se cumpran as condicións establecidas no presente contrato. Se tivesen que efectuarse en talleres non concertados por CENTAURO, requirirase a súa autorización expresa previa e reembolsarase ao CLIENTE o importe ao que ascenda a reparación efectuada no momento no que este presente os recibos acreditativos da prestación dos servizos e do seu importe.

O CLIENTE deberá reabastecer o vehículo co tipo de combustible adecuado para o mesmo, cuxo importe será sempre ao seu cargo.

CENTAURO procederá á devolución do importe entregado en depósito para garantir o pago do combustible que se entrega co vehículo arrendado, cando así estea expresamente establecido nas condicións da modalidade de contratación elixida polo CLIENTE. Nos casos nos que se establecese un cargo en concepto de “servizo de reposición de combustible”, CENTAURO devolverá ao cliente a cantidade correspondente á porcentaxe de combustible non consumido en función do reflectido no indicador do volume existente no depósito, excepto o cargo adicional de 25 € en concepto de “servizo de reposición de combustible”, que expresamente está autorizado a efectuar, para cubrir os gastos da realización das operacións de reposición de combustible.

O prezo do combustible consumido calcúlase conforme ao prezo medio do combustible no mercado. Consulte as Condicións Comerciais en [centauro.net](http://centauro.net) para obter máis información.

## **9. XURISDICIÓN E LEI APLICABLE**

Este contrato rexerese polas leis de Portugal e, a menos que exista algunha disposición legal contraria, todas as disputas derivadas deste contrato someteranse ao tribunal do Distrito de Lisboa, que será o tribunal con xurisdición.

Informase ao CLIENTE de que ten á súa disposición o servizo de Atención ao Cliente e Reclamacións de CENTAURO, así como información sobre entidades de resolución alternativa de litixios de consumo na web: <https://www.centauro.net/ayuda-sobre-el-alquiler-del-coche/contactar-con-centauro/>

Malia o anterior, e conforme ao expresamente establecido no artigo 38 da lei española 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, CENTAURO manifesta expresamente a súa vontade en contra de que a resolución de calquera controversia suscitada como consecuencia da contratación dos servizos de arrendamentos de vehículos sexa resolta a través da Xunta Arbitral de Transporte.

## **10. LITIXIOS DE CONSUMO**

En caso de litixio de consumo, definido nos termos que dispón a Lei 144/2015, do 8 de setembro, o consumidor pode recorrer a unha entidade de resolución alternativa de litixios de consumo competente.

Sen prexuízo do disposto na lexislación, nos estatutos e nos regulamentos aos que as entidades de resolución alternativa de litixios de consumo se atopen vencelladas, considérase competente para dirimir o litixio de consumo á entidade de resolución alternativa de litixios de consumo da localidade de celebración do contrato de compra e venda do ben, ou da prestación de servizos ou, alternativamente, á entidade de resolución alternativa de competencia especializada, en caso de que exista para o sector en cuestión.

No suposto de non existir unha entidade de resolución alternativa de litixios con competencia na localidade de celebración do contrato ou de que a(s) existente(s) non se considere(n) competente(s) por mor do seu valor, o consumidor pode recorrer ao Centro Nacional de Información e Arbitragem de Conflitos de Consumo (Centro Nacional de Información e Arbitraje de Conflitos de Consumo), situado en Lisboa, co enderezo electrónico: [cniacc@unl.pt](mailto:cniacc@unl.pt) e dispoñible no portal [www.arbitragemdeconsumo.org](http://www.arbitragemdeconsumo.org).

## **11. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS**

**Responsable do tratamento: CENTAURO RENT A CAR, LDA. (“CENTAURO”).** Enderezo para efectos do exercicio do dereito á protección dos datos persoais: Rua Fradesso Silveira, 6, Piso 1 A/B, 1300-609 Lisboa, Freguesia de Alcântara, Concelho e Distrito de Lisboa, Portugal. Correo electrónico: [dpo@centauro.net](mailto:dpo@centauro.net). Contacto: (+351) 308 810 777. I. Principais finalidades dos tratamentos: Con base na necesidade para a execución da relación contractual: Procesar o seu pedido de rexistro como cliente para efectos de xestión da relación comercial e das súas necesidades como cliente de Centauro. | Xestionar, manter e asegurar o cumprimento da relación contractual ou precontractual existente entre as partes. Con base no cumprimento dunha obrigaón legal: Para efectos do cumprimento de calquera obrigaón legal normativa ou outra norma legal, poderemos comunicar os seus datos ás autoridades públicas, entidades reguladoras ou órganos gobernamentais ou xurisdicionais. Xeolocalización do vehículo en caso de requirimento por parte de autoridades. Con base no interese lexítimo de Centauro: Para efectos da realización de accións ou comunicacións comerciais de Centauro, por calquera medio, destinadas a ofrecerlle produtos e/ou servizos análogos aos anteriormente contratados por vostede. | Realizar enquisas de satisfacción e análises da súas necesidades para axustar a nosa oferta ao seu perfil. | Gravar a súa voz e/ou a súa imaxe para manter a calidade do servizo e, se é necesario, poder xestionar reclamacións e outros procedementos. | Comunicar os seus datos que non pertencen a categorías especiais ás aseguradoras para asistencia na viaxe no caso de accidentes ou incidentes de tráfico. | Comunicar os seus datos a empresas de Centauro e o seu Grupo (Grupo Mutua Madrileña), en particular, a

MUTUA MADRILEÑA AUTOMOVILISTA, S.S.P.F.; AUTOCLUB MUTUA MADRILEÑA, S.L.U.; MUTUAMAD INNOVACIÓN, S.L.U.; SILDOSCAN SPAIN, S.L.; CENTAURO RENT A CAR, S.L.U.; NORDIC BUS, S.L.U.; CENTAURO RENT A CAR ITALY, S.r.L.; CENTAURO RENT A CAR, L.D.A.; NORDICWHEELS, L.D.A.; CENTAURO RENT A CAR GREECE, SINGLE MEMBER S.A. e outras, coa finalidade de prestar localmente os servizos de alugamento de vehículos sen condutor solicitados polo cliente e os servizos complementarios, así como a centralización de procesos administrativos e informáticos. Comunicar e/ou responder a notificacións de calquera autoridade, pública ou privada, relativas a procedementos contencioso-administrativos por infraccións na estrada, ou a procedementos de identificación de condutores debido á falta de pago de taxas de peaxe. Xeolocalización do vehículo en instalacións de Centauro e en caso de roubo ou apropiación indebida. Con base no seu consentimento: Analizar as súas necesidades consultando fontes propias ou externas, así como aos nosos socios publicitarios, para a presentación de publicidade relevante e segmentada de acordo coas súas preferencias. Verificar a súa identidade e documentación a través do recoñecemento facial. Xeolocalización do vehículo para asistencia solicitada polo usuario. Recompilar datos de condución para análises. II. Destinatarios dos datos. Autoridades públicas, entidades reguladoras ou órganos gobernamentais ou xurisdicionais. | Concesionarias de autopistas e/ou autoridades policiais. | Compañías de seguros para a asistencia na viaxe no caso de incidentes ou accidentes de tráfico, sociedades do Grupo Centauro para a prestación local adecuada dos servizos de alugamento de vehículos sen condutor solicitados polo cliente e os servizos complementarios, así como para a centralización de procesos administrativos e informáticos e fins publicitarios, así como outras empresas colaboradoras de Centauro que presenten garantías suficientes en materia de protección de datos persoais. | Comunicar e/ou responder a notificacións de calquera autoridade, pública ou privada, relativas a procedementos contencioso-administrativos por infraccións na estrada, ou a procedementos de identificación de condutores debido á falta de pago de taxas de peaxe. III. Dereitos á protección de datos persoais. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, eliminación, limitación e

oposición ao tratamento de datos, a portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións automatizadas, se é aplicable, conforme ao detallado na “Información Adicional”. IV. Información adicional. Pode consultar a información adicional detallada sobre a nosa Política de Privacidade para Clientes na nosa páxina web <https://www.centauro.net>. Como se indicou anteriormente, para poder comunicarlle as mellores ofertas sobre os produtos e servizos que Centauro poida poñer á súa disposición e que mellor se adecúen aos seus intereses, necesitamos que nos dea o seu consentimento: Acepto expresamente que Centauro poida crear un perfil sobre os meus hábitos de consumo a través de información interna e externa, así como comunicar os meus datos aos seus socios publicitarios coa finalidade de ofrecerme ofertas especiais sobre produtos ou servizos adecuados ás miñas necesidades:  Si

## **CONDICIÓN XERAIS DO CONTRATO DE ALUGAMENTO DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR EN ITALIA**

### **1. OBRIGACIÓN XERAIS**

CENTAURO, en calidade de arrendador, aluga ao CLIENTE (para os efectos do presente contrato enténdese por CLIENTE ao condutor principal, así como solidariamente ao pagador), que se constitúe en arrendatario, o vehículo obxecto do presente contrato (ou o que puidese entregarse en substitución deste en caso necesario), con suxeición aos termos, condicións e tarifas establecidos nas Condicións Comerciais de CENTAURO en [centauro.net](http://centauro.net), este documento e/ou en calquera anexo a el existente; e que o CLIENTE se compromete a cumprir, manifestando expresamente ter lido e aceptado as condicións establecidas no presente contrato, sen que manifieste ao respecto dúbida ou desconformidade algunha.

Advírtese expresamente ao CLIENTE que CENTAURO poderá non atender as demandas efectuadas para a prestación dos servizos ofertados naqueles casos nos que o CLIENTE non respecte integramente as condicións anteriormente establecidas con CENTAURO, tanto en casos de ausencia de pago dos servizos prestados coma nos casos de prolongación non xustificada dos servizos de alugamento sen a autorización de CENTAURO. Todo iso conforme ás normativas incluídas expresamente na lei en vigor sobre consumidores.

Para o obxecto de minimizar os riscos durante a conducción dos vehículos, non poderá incluírse como condutores no contrato de arrendamento ás seguintes persoas:

1.- Que teñan unha idade inferior a (19) anos.

Sen prexuízo do que se dispón a continuación, e de conformidade coas tarifas publicadas pola empresa, advírtese expresamente ao CLIENTE que os condutores que, no momento da subscripción do contrato, teñan unha idade comprendida entre os 19 e os 24 anos deberán aboar o cargo adicional indicado como “young driver” (condutor novo), mentres que aqueles cuxa idade sexa superior aos 75 anos deberán aboar o correspondente cargo adicional indicado como “senior driver” (condutor maior).



2.- Que teñan un permiso de circulación de vixencia inferior a un (1) ano, que non estea en vigor, ou que non estea homologado no país de entrega do vehículo (sendo o CLIENTE responsable directo da vixencia e a homologación do permiso de conducir; debendo manter a Centauro Rent a Car indemne baixo calquera concepto.

3.- Que sendo condutores principais non mostren o documento orixinal do seu carné de conducir no momento da subscrición do presente documento, salvo que previamente obtivesen un Centauro ID na plataforma de dixitalización da nosa web.

4.- Persoas cun permiso de conducción vencellado a cargas legais e/ou penais.

5.- Persoas que, no momento da subscrición do contrato, presenten unha incapacidade física ou mental, ou que non estean en condicións aptas para a conducción.

O CLIENTE obrígase expresamente a non permitir a conducción do vehículo a persoas distintas ás que aparecen como condutores no contrato, facéndose responsable de calquera dano ou prexuízo producidos no vehículo ou a terceiros.

#### Para Italia:

Do mesmo modo, e co obxecto de evitar os posibles riscos ocasionados polas travesías en barco ou calquera outro medio de transporte necesario nestes casos, O CLIENTE obrígase expresamente a non desprazarse co vehículo arrendado a ningunha illa distinta a aquela na que se entregase o vehículo, e en calquera caso a non efectuar travesías en barco.

Así mesmo, o CLIENTE non poderá desprazarse fóra de Italia co vehículo de aluguer, salvo que manifestase a súa intención de facelo na oficina de CENTAURO no momento da contratación: neste caso o CLIENTE deberá subscribir a asistencia en estrada existente que o autoriza a entrar nos territorios de Francia, Mónaco, Suíza, Austria e San Marino (únicos países nos que se permite a circulación nestes casos).

O incumprimento de calquera das obrigacións asumidas por cada unha das partes facultará á parte contraria para esixir o seu cumprimento ou resolver o Contrato, así como para adoptar as

medidas oportunas para a recuperación do vehículo (en caso de incumprimento por parte do CLIENTE), ou para a devolución das cantidades entregadas (en caso de incumprimento por parte de CENTAURO), todo isto sen prexuízo da posibilidade de reclamar os danos e prexuízos derivados de dito incumprimento.

O CLIENTE asume expresamente a responsabilidade civil, administrativa e penal que puidese derivarse dun uso indebido do vehículo, ou da comisión de calquera tipo de infracción administrativa ou penal que se puidese levar a cabo con dito vehículo. Non está permitido o uso do vehículo para fins comerciais, competicións ou probas, sexan deportivas ou non.

A comisión por parte do CLIENTE de calquera tipo de actuación da que puidese derivarse algún tipo de responsabilidade civil ou penal en relación a CENTAURO, ou que puidese ser constitutiva de responsabilidade civil, penal ou administrativa, dará dereito a CENTAURO a unha indemnización por danos e prexuízos, non só polas penalizacións, senón tamén pola suma total dos danos provocados como consecuencia da imposibilidade de utilizar o vehículo de acordo co contrato de alugamento.

O CLIENTE declara expresamente que non utilizará nin permitirá que se utilice o vehículo de alugamento para efectuar servizos de transporte público ocasional de pasaxeiros sen as obrigatorias autorizacións e licencias. En caso de que o vehículo descrito neste Contrato fose denunciado por membros das forzas de seguridade ou de calquera autoridade competente, pola realización da conduta anterior, CENTAURO resérvase expresamente o dereito de exercer fronte ao CLIENTE todas as actuacións necesarias en calquera ámbito xurisdiccional.

En Centauro renovamos cada ano os nosos vehículos e ofrecemos os últimos modelos e a maior fiabilidade. Por este motivo, Centauro só mantén vehículos na súa flota durante un determinado período de tempo/quilometraxe.

O incumprimento destes parámetros pode causar danos a Centauro. Por este motivo, Centauro resérvase o dereito, durante a vixencia do contrato, de cambiar o vehículo entregado ao Cliente se o vehículo xa

permaneceu na flota de Centauro durante un período de tempo determinado ou xa alcanzou unha determinada quilometraxe.

Segundo o devandito intervalo de tempo ou quilometraxe, pode ser necesario, durante a vixencia do contrato, cambiar o vehículo entregado a un cliente por outro equivalente, é dicir, pertencente á categoría pactada no contrato. O Cliente será inmediatamente informado da necesidade de cambiar o vehículo e está obrigado a devolvelo na hora e data indicadas na oficina de Centauro estipulada, así como a cumprir cantas outras medidas sexan necesarias para o cambio de vehículo. . . Esta circunstancia non se considera extinción da relación contractual.

Se o Cliente non devolve o vehículo ou non o devolve na data e hora especificadas, deberá pagar unha penalización por cada día de atraso de conformidade co apartado “6. Condicións de reserva” das Condicións comerciais. Centauro tamén ten dereito a reclamar unha indemnización adicional polos danos e prexuízos que se poidan producir.

## **2. UTILIZACIÓN DO VEHÍCULO POLO ARREDATARIO**

CENTAURO declara expresamente que o vehículo entregado é apto para a circulación e está provisto dos dispositivos de seguridade necesarios e da correspondente documentación para a circulación do vehículo. As ferramentas e os accesorios, e todos os pneumáticos (incluído o de repostos ou no seu caso o kit de reparación) se atopan en boas condicións e sen picadas.

No momento da entrega advírtese ao CLIENTE de que deberá verificar que as condicións do vehículo se correspondan coas indicadas no informe, e sinalar os posibles danos non detectados.

O CLIENTE comprométese expresamente a:

- Conservar o vehículo en bo estado e a non expoñelo a potenciais riscos.
- Respetar as normas do Código de Circulación de aplicación en cada territorio, segundo as especificacións de uso do tipo de vehículo en cuestión. En particular, as partes acordan expresamente que a realización de calquera conduta que

supoña una infracción do Código de Circulación, infracción de leis ou a comisión dun delito contra a seguridade do tráfico será considerada como incumprimento esencial das obrigacións asumidas no presente contrato, o que poderá dar lugar á súa resolución e/ou a esixir as indemnizacións correspondentes polos danos e prexuízos ocasionados (ademais das oportunas penalizacións por incumprimento de contrato establecidas), incluídas as correspondentes aos gastos e costas ocasionados a CENTAURO como consecuencia das devanditas condutas.

- Non realizar actividades con fins de subarrendamento do vehículo, nin transportar persoas ou mercancías, que infrinxan a lei ou os límites de peso, cantidade e/ou volume especificados polo fabricante do vehículo ou polas leis.
- Non conducir baixo a influencia de bebidas alcohólicas, drogas, outras sustancias estupefacientes, nin coas facultades físicas diminuídas pola fatiga, enfermidade ou calquera outra circunstancia que desaconselle a condución.
- Non utilizar o vehículo para empuxar ou remolcar outros vehículos ou obxectos rodantes.
- Non participar en competicións ou carreiras deportivas, sexan oficiais ou non.
- Non facer uso nin realizar probas de resistencia de materiais, accesorios ou produtos de automóbiles non proporcionados e/ou autorizados por CENTAURO.
- Non transportar obxectos ou mercancías cuxo transporte estea prohibido ou suxeito a autorización administrativa, así como tampouco obxectos inflamables, perigosos, radioactivos, tóxicos e/ou nocivos.
- Non dar en garantía, peñar, vender, alugar, hipotecar, prestar ou incluso variar ou modificar calquera parte do vehículo, incluíndo os documentos, chaves, ferramentas e accesorios do propio vehículo.
- Cerrar correctamente o vehículo nun lugar seguro e apropiado cando non se utilice, así como conservar e manter a documentación no seu interior.
- Deter inmediatamente o vehículo se existise o menor indicio externo ou explícito (a través dos indicadores) de que puidese haber un problema técnico. Nestes casos, o CLIENTE deberá

contactar á maior brevidade posible coa oficina de CENTAURO máis próxima, ou coa compañía de asistencia designada por esta, evitando poñerse en contacto, solicitar servizos ou pagar a outra compañía de asistencia, salvo en casos de máxima urxencia.

- Non conducir co vehículo arrendado por zonas non transitables ou por estradas non pavimentadas que non sexan aptas para a circulación, en tanto que poidan ocasionar danos na parte inferior da carrocería e/ou outras clases de danos.
- Seguir as instrucións específicas e aboar as peaxes correspondentes nas estradas de pago.

### **3. DEVOLUCIÓN DO VEHÍCULO**

O vehículo devolverase no mesmo estado no que se entregou e cos mesmos documentos, accesorios e equipamento no lugar, a data e a hora pactados como finalización do período de arrendamento contratado. O CLIENTE asume expresamente as consecuencias xurídicas derivadas das alteracións efectuadas no vehículo arrendado que non fosen expresamente autorizadas por CENTAURO. Devolver o vehículo fóra da data e a hora establecidas no contrato de alugamento autoriza a Centauro Rent a Car a cobrar calquera período adicional no que se utilice o vehículo máis unha penalización de 50 € por día.

En ningún caso entenderase prorrogado tacitamente o contrato de arrendamento polo feito de que o CLIENTE non proceda á devolución do vehículo en cuestión chegada a data pactada da súa finalización, sendo precisa en calquera caso a autorización expresa e por escrito de CENTAURO para a devandita prórroga (realizando o CLIENTE unha nova reserva suxeita á dispoñibilidade e aboando o importe da tarifa correspondente). O CLIENTE será responsable de calquera dano ocasionado ao vehículo unha vez finalizado o prazo de vixencia do arrendamento e ata que proceda á súa devolución. En todo caso, CENTAURO poderá reclamar a indemnización que puidese corresponderlle polos danos e prexuízos ocasionados.

CENTAURO poderá así mesmo iniciar as accións legais oportunas para esixir o cumprimento das obrigacións asumidas entre as partes, incluíndo o inicio de procedementos penais por posibles delitos.

#### **4. CARGOS POR ALUGAMENTO**

En virtude do presente Contrato, o CLIENTE quedará obrigado a pagar:

- Cargos relativos ao alugamento do vehículo, así como impostos e gastos de accesorios, e os posibles danos causados ao vehículo e/ou ao seu equipo interior.
- Nos casos nos que trala devolución do vehículo se requira unha limpeza adicional debido a un estado de sucidade non acorde a un uso normal do vehículo, un cargo adicional de 100 €, previa xustificación do importe do servizo prestado.
- Nos casos nos que o CLIENTE modifique unilateralmente as condicións pactadas no Contrato, ben porque se entregue o vehículo con posterioridade á finalización do período de alugamento acordado ou nun lugar diferente, ou ben por permitir a condución a unha persoa non incluída inicialmente coma condutor adicional, o cargo que corresponda.
- En caso de que o CLIENTE solicite asistencia, **os gastos de remolque ou calquera outro gasto relacionado coa devandita asistencia**, salvo cando a asistencia sexa necesaria a consecuencia dun fallo técnico do vehículo, e exclusivamente a través das compañías de asistencia designadas para este efecto por CENTAURO.
- En caso de que, trala liquidación do contrato de arrendamento, resulte un saldo a favor do CLIENTE, CENTAURO pagará de inmediato o devandito importe na mesma forma de pago que empregou o CLIENTE, non responsabilizándose do atraso que se puidese ocasionar como consecuencia das xestións a realizar por parte das entidades bancarias ou de crédito.
- As peaxes, multas, gastos de estacionamento, sancións e gastos legais por infraccións cometidas na condución segundo a normativa que resulte de aplicación (incluíndo gastos por conxestión ou limitación do tránsito) nos que incorra o CLIENTE durante a vixencia do contrato, aínda que estes fosen aboados en primeiro termo por CENTAURO; así como calquera gasto legal relativo ao vehículo alugado durante o tempo de alugamento.

## **5. POSIBLES CARGOS ADICIONAIS**

En caso de que o CLIENTE incumpra as obrigacións asumidas no presente contrato e este teña que aboar algunha cantidade establecida polas condicións comerciais e/ou xerais deste contrato, o CLIENTE autoriza expresamente a CENTAURO para realizar os correspondentes cargos á tarxeta de crédito facilitada para o efecto, previa información do concepto polo que se realiza e a xustificación do seu importe.

En concreto, CENTAURO poderá cargar ao CLIENTE, segundo o caso, os cargos relativos a:

- Indemnización por calquera dano/perda causada ao vehículo e cuxa cobertura non quedase xustificada e/ou contratada polo CLIENTE xunto cos gastos de inmovilización do vehículo (gastos xustificados nos que se poida incurrir por asistencia na estrada, camión guindastre, depósito de vehículos, etc.), ademais dun cargo administrativo de accidentes.
- Indemnización equivalente ao importe aboado por CENTAURO en concepto de multas, así como os danos e prexuízos e/ou penalizacións derivadas por cada infracción de tráfico ou infracción de leis por parte de calquera persoa autorizada como condutor, incluídas as recargas correspondentes ao atraso no pago por parte do Arrendatario.
- Danos provocados por negligencias do CLIENTE, que inclúen expresamente a perda de chaves, erros na reposición de combustible, perda de accesorios e/ou equipos internos do vehículo.
- Indemnización equivalente ao importe aboado por CENTAURO en concepto de peaxes por consumos do CLIENTE, así como calquera cantidade derivada deles (recargas, etc.). Ademais, O CLIENTE deberá aboar un cargo de 40 € euros en concepto de gastos de xestión por cada contrato.

## **6. RÉXIME DOS DANOS DERIVADOS DA UTILIZACIÓN DO VEHÍCULO**

### **6.1 Danos A TERCEIROS**

En cumprimento da normativa vixente, CENTAURO mantén en todo momento contratado e en vigor un seguro con compañías de

primeiro nivel que cobre a responsabilidade civil do condutor ou condutores do vehículo alugado polos danos persoais e materiais sufridos por terceiros con motivo da súa circulación.

O seguro dos vehículos da frota de CENTAURO será contratado con calquera das seguintes compañías: Generali, Mutua Madrileña, Groupama Mapfre, Reale, Zurich, Helvetia e Axa, cuxa cobertura xeográfica esténdese a nivel nacional.

No marco deste seguro, tamén quedan asegurados, ata determinados límites, os danos persoais (morte, invalidez total e parcial e gastos de asistencia sanitaria) sufridos polo propio condutor autorizado (válido unicamente para España, Portugal e Grecia).

Coa sinatura deste contrato, os condutores autorizados adquiren a condición de asegurados por este seguro.

Os límites de responsabilidade cubertos polo seguro son, polo menos, os previstos con carácter obrigatorio en cada momento pola lexislación vixente.

Sen prexuízo dos dereitos a favor do terceiro prexudicado, infórmase ao CLIENTE de que este seguro ten unha franquía por todas as garantías afectadas que poden ser obxecto de reclamación por CENTAURO, cuxos importes indícanse nas Condicións Comerciais. Así mesmo, informase ao CLIENTE do dereito da entidade aseguradora a reclamar ao CLIENTE os danos causados naqueles supostos excluídos de cobertura polo seguro.

O CLIENTE pode consultar as condicións xerais do seguro en calquera momento.

## **6.2 Danos AO VEHÍCULO**

O CLIENTE é responsable fronte a CENTAURO da correcta conservación e utilización do vehículo por el, os condutores autorizados e os restantes ocupantes.

A responsabilidade que asume o CLIENTE fronte a CENTAURO polos danos ocasionados ao vehículo será establecida no momento da contratación en virtude da Lista de Importe de Danos indicada nas Condicións Comerciais de Arrendamento.



Sen prexuízo do anterior e do que se indicará posteriormente, CENTAURO ofrece ao CLIENTE o alugamento do vehículo baixo dúas modalidades.

A) Modalidade por defecto: Exoneración limitada por danos (Collision Damage Waiver ou CDW) + Exoneración limitada por subtracción do vehículo (Theft Protection ou TP)

Baixo esta modalidade, CENTAURO exime parcialmente ao CLIENTE da responsabilidade polos danos producidos ao vehículo.

En ditos supostos o CLIENTE só será responsable fronte a CENTAURO ata o importe máximo da cantidade fixada expresamente no contrato en concepto de FRANQUÍA dos danos ocasionados ao vehículo (determinados conforme a lista á que se fai referencia nas Condicións Comerciais). Ademais, se o vehículo está involucrado nun accidente durante o período de alugamento, existe un cargo administrativo de accidentes de 50 € (este importe cobrarase con independencia do curso da tramitación administrativa da infracción).

En calquera caso, para a efectividade desta limitación de responsabilidade, será indispensable a declaración dos danos e, no seu caso, a presentación do correspondente parte de accidente/informe policial no que consten todos os datos referidos ao accidente ou sinistro producido (datos dos vehículos e/ou persoas intervintes, así como descrición do sucedido e dos danos ocasionados).

Así mesmo, baixo esta modalidade CENTAURO exime parcialmente ao CLIENTE da responsabilidade polos danos derivados da súa subtracción ilexítima ou das súas partes ou compoñentes, por riba do importe fixado expresamente no contrato en concepto de FRANQUÍA, que en todo caso deberá ser aboada polo CLIENTE.

En calquera caso, para a efectividade desta limitación de responsabilidade, será indispensable a entrega tanto das chaves do vehículo arrendado no momento de comunicar os feitos a CENTAURO como dunha copia da denuncia penal presentada ante as autoridades competentes.

Tal e como se especifica nas Condicións Comerciais deste contrato, o alugamento do vehículo baixo esta modalidade comportará a obrigaón para O CLIENTE de realizar un depósito en garantía do pago das devanditas responsabilidades.

Malia o anterior, advírtese expresamente ao CLIENTE que a exoneración limitada de responsabilidade non alcanzará aos danos ocasionados por algunha das seguintes circunstancias, en cuxo caso CENTAURO poderá reclamar o seu importe íntegro:

- Danos producidos nos pneumáticos, xa sexan producidos por golpes dados a eles ou por un exceso de carga no vehículo arrendado.
- Danos ocasionados tanto nos bombines ou pechaduras, coma nos cristais do vehículo arrendado.
- Danos ocasionados pola subtracción de rodas, elementos da parte inferior ou baixos do vehículo, teito, chaves dobres, bombines, asentos e cristais do vehículo arrendado.
- Danos ou elementos ausentes que se causasen nas partes e elementos integrantes do vehículo, interiores, exteriores e de mecánica, no caso de que o vehículo arrendado fose subtraído ou se intentase a súa subtracción.

B) Modalidade opcional: Exoneración plena por danos (tarifa SMART)

Baixo esta modalidade, e sen prexuízo do que se indicará posteriormente, CENTAURO exime plenamente ao CLIENTE, a cambio do pago das cantidades adicionais en concepto de alugamento do vehículo que se especifican nas Condicións Comerciais deste contrato, dos danos ocasionados ao vehículo ou derivados da súa subtracción ilexítima dos que sería responsable baixo a anterior modalidade “CDW + TP”.

O CLIENTE non poderá optar por esta modalidade de contratación con posterioridade á subscripción do contrato de alugamento.

C) Danos non cubertos baixo ningunha das anteriores modalidades de contratación

Calquera que sexa a modalidade de contratación elixida polo CLIENTE, este sempre responderá fronte a CENTAURO ata o seu importe íntegro (incluído o lucro cesante derivado da imposibilidade de alugar o vehículo) dos danos e prexuízos ocasionados por algunha das seguintes circunstancias:

- Danos producidos por accidentes nos que a súa causa eficiente sexa unha vulneración grave das normas de tráfico, ou a comisión dunha conduta constitutiva dun delito contra a seguridade do tráfico.
- Danos producidos pola conducción baixo os efectos do alcohol ou as drogas.
- Danos ocasionados no vehículo arrendado como consecuencia de accidentes producidos pola conducción desapropiada ou a conduta gravemente negligente do CLIENTE ou dos condutores autorizados, cando así quedase de manifesto nun procedemento xudicial.
- Danos ocasionados nas chaves dobres entregadas ao arrendatario para a apertura do vehículo e na tapicería.
- Danos ocasionados como consecuencia dos fenómenos meteorolóxicos, así como os gastos de asistencia derivados deles (excepto casos de forza maior).
- Danos ao vehículo fóra do país de recollida se non se contratou a Cobertura exterior obrigatoria de asistencia na estrada.
- Asistencia na estrada en caso de conxelación de combustible.
- Danos/Perda de cadeiras para nenos.
- Danos/Perda/Subtracción de chaves, gato, triángulos de seguridade, chalecos, limpapapabrisas, tapón do depósito de gasolina, bandexas do maleteiro ou calquera outro compoñente móbil ou fixo do vehículo, así como o uso de extintores ou kits médicos fóra dos casos de sinistro co vehículo.
- Danos ao motor por negligencia.
- Danos por reposición de gasolina inadecuada.
- Subtracción do vehículo coas chaves postas.
- As multas por infraccións de tráfico ou infraccións de leis durante o período de alugamento son responsabilidade do condutor do vehículo. No caso de recibir unha multa cobrarase o importe de 40 € en concepto de penalización por incumprimento de contrato

en España, Portugal e Grecia e de 50 € en Italia por cada multa notificada (o cliente terá dereito á devolución da penalización por multas en caso de resolución administrativa o xudicial posterior que deixe sen efecto a multa notificada).

- Consumos de peaxes do CLIENTE, así como calquera cantidade derivada deles (recargas, etc.). Ademais, o CLIENTE deberá aboar un cargo de 40 € euros en concepto de gastos de xestión por cada contrato (cobrarase este importe con independencia do curso da tramitación oficial da infracción).

### **6.3 Danos AOS BENS PROPIEDAD DO CLIENTE**

O dano, a perda ou a subtracción dos bens propiedade do CLIENTE que se atopen no vehículo será total e exclusivamente ao seu cargo, e non están cubertos por ningún seguro nin baixo ningunha das modalidades de contratación especificadas no apartado anterior. CENTAURO non asume ningunha responsabilidade en materia de custodia ou envío dos bens propiedade do CLIENTE deixados nos vehículos unha vez finalizado o alugamento.

## **7. ACCIDENTES**

O CLIENTE comprométese a informar a CENTAURO nun prazo de 48 horas sempre que o vehículo se vexa involucrado nun accidente de tráfico ou sufra danos, incluso cando no haxa terceiros involucrados.

En calquera caso, no momento do accidente, o CLIENTE:

- Obterá todos os datos da outra parte, así como todas as circunstancias relacionadas co accidente.
- En caso de non ser posible a subscrición do correspondente parte amistoso de accidente, notificará inmediatamente o accidente ás autoridades policiais e obterá unha copia do informe policial.

No caso de que o CLIENTE non proporcione o parte amistoso de accidente ou o informe policial, CENTAURO resérvase o dereito de considerar ao CLIENTE responsable do sinistro.

O CLIENTE comprométese a ser veraz en todas as declaracións e manifestacións, orais e escritas, que efectúe con respecto ás circunstancias nas que tivo lugar o suceso danoso. O CLIENTE responderá fronte a CENTAURO e a súa aseguradora polos danos que

